



Concello de Oza-Cesuras

CAMPAÑA DO FOMENTO DO CONSUMO LOCAL EN OZA-CESURAS

BONOS NADAL 2021

O avance exponencial da situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo coronavirus COVID-19 en todo o mundo, afectou considerablemente ao noso municipio, polo que o momento actual de recuperación da normalidade require impulsar a actividade económica no termo municipal.

O concello de Oza-Cesuras, dentro do Plan Especial para paliar os efectos derivados da situación provocada pola alarma sanitaria COVID-19, co obxectivo de revitalizar a economía local incidindo especialmente no sector de servizos e comercio, pon en marcha a campaña de fomento do consumo local Nadal 2021 mediante bonos para incentivar o consumo local nas compras de bens e a recepción de certos servizos dentro do termo municipal de Oza-Cesuras.

1.- LIÑA 1: BONO XUVENIL OZA-CESURAS 2021

1.a) Descrición da campaña “Bono xuvenil Oza-Cesuras 2021”.

A través desta campaña se emiten un total de 1.056 de bonos-cheque por importe de 5 euros cada un que serán remitidos polo concello ao domicilio dos xóvenes deste concello, que reúnan as condicións que máis adiante se detallan, para a utilización dos mesmos nas adquisicións de bens ou servizos nos establecementos que cumpran os requisitos para a adhesión a esta campaña comercial que se desenvolverá entre o 15 de decembro de 2021 e o 15 de xaneiro de 2022 (ambos incluídos).

A contía total dos fondos destinados á presente liña 1 da campaña de fomento de consumo local, “Bono xuvenil Oza-Cesuras 2021”, ascende a 5.280,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 231.47000 do vixente orzamento de gastos.

1.b) Establecementos adheridos ao “Bono xuvenil Oza-Cesuras 2021”: requisitos,

1. Poderán participar na presente campaña os establecementos sitos no termo municipal de Oza-Cesuras que se adhiran á mesma, cuxos titulares sexan persoas físicas ou xurídicas, legalmente constituídas, que estean incluídos nalgún epígrafe do IAE do concello de Oza-Cesuras no sector de comercio minorista con establecemento permanente (con excepción de establecementos de alimentación) e/ou nos servizos de perruquería, salóns de beleza e taxis ou autoturismos que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser un establecemento con local comercial ou de servizos de atención ao público cen establecemento permanente ubicado no termo municipal de Oza-Cesuras.
- Estar dada de alta nalgún dos epígrafes do IAE de servizos de perruquería, salóns de beleza e taxis ou autoturismos ou de comercio minorista en establecemento permanente (agás establecementos de alimentación) do concello de Oza-Cesuras.





Concello de Oza-Cesuras

- Estar ao corrente coas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e con este concello.
- Figurar a persoa física e algún dos seus comeneiros ou socios estean incluídos no padrón municipal de habitantes do concello de Oza-Cesuras.

1.c) Consumidores “Bono xuvenil Oza-Cesuras 2021”: requisitos

Xóvenes que, no momento da publicación na páxina web desta campaña, cumpran os seguintes requisitos:

- Figurar incluídos no padrón municipal de habitantes do concello de Oza-Cesuras.
- Que a súa data de nacemento este comprendida entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 31 de decembro de 2007 (en adiante, xóvenes).
- Estar ao corrente coas obrigas tributarias co concello de Oza-Cesuras (A Coruña).

1.d) Descrición da campaña “ Bono xuvenil Oza-Cesuras 2021”

1. O concello remitirá ao domicilio de cada un dos xóvenes indicados no párrafo anterior 6 bonos-cheque de consumo por importe individualizado de 5 euros (un total de 30 euros), que poderán ser utilizados (un ou varios) nos establecementos adheridos á campaña.
2. Cada un dos bonos-cheque levará impreso un código identificativo e os datos personais de cada un dos xóvenes, que permitirá acreditar o seu carácter nominativo, persoal e intransferible. O Concello de Oza-Cesuras gardará unha relación dos códigos dos bonos que se emitiron e dos xóvenes posuidores dos mesmos.
3. Cada un dos bonos-cheque emitidos de 5 euros non poderán ser utilizados en máis dunha compra de bens ou recepción de servizos nin en máis dun establecemento, xa que o bono-cheque emitido se esgotará aínda que o importe da operación sexa inferior a 5 euros.
4. Os bonos-cheques so poderán utilizarse para as compras de bens e produtos realizadas (agás tabaco e alcol) e para os servizos exclusivamente en perruquería, beleza e taxis ou autoturismos recibidos entre o 15 de decembro de 2021 e o 15 de xaneiro de 2022 (ambos incluídos).
5. Prohíbese expresamente a utilización de bonos-cheques xuvenís para a adquisición de tabaco e alcol.

2.- LIÑA 2: CONSUMO NADAL OZA-CESURAS 2021

2.a) Descrición da campaña “Bono Nadal Oza-Cesuras 2021”.

A través desta campaña se emiten un total de 11.596 bonos por importe de 5 euros cada un que poderán ser recollidos polos veciños e veciñas deste concello que reúnan as condicións que máis adiante se detallan, entre o 1 e o 15 de decembro de 2021 (ambos incluídos) no lugar que se indicará na paxina web municipal, para a utilización dos mesmos nas adquisicións de bens e





Concello de Oza-Cesuras

servizos nos establecementos que cumpran os requisitos para a adhesión a esta campaña comercial que se desenvolverá entre o 15 de decembro de 2021 e o 15 de xaneiro de 2022 (ambos incluídos).

A contía total dos fondos destinados á presente liña 2 da campaña de fomento de consumo local, “Bono Nadal Oza-Cesuras 2021”, ascende a 57.980,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 231.47000 do vixente orzamento de gastos.

2.b) Establecementos adheridos ao “Bono Nadal Oza-Cesuras 2021”: requisitos.

1. Poderán participar como establecemento adherido á presente campaña, as persoas físicas e xurídicas, legalmente constituídas que estean incluídos nalgún epígrafe do IAE do concello de Oza-Cesuras de comercio minorista con establecemento permanente de adquisicións de bens (con excepción de establecementos de alimentación) e/ou nos servizos exclusivamente de perruquería, beleza, taxis ou autoturismo e restauración ou hostalaría e que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser un establecemento con local comercial ou de servizos de atención ao público en establecemento permanente ubicado no termo municipal de Oza-Cesuras.
- Estar dada de alta nalgún dos epígrafes do IAE de comercio minorista con establecemento permanente de adquisicións de bens (agás establecementos de alimentación) e/ou nos servizos exclusivamente de perruquería, beleza, taxis ou autoturismo e restauración ou hostalaría do concello de Oza-Cesuras.
- Estar ao corrente coas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e con este concello.
- Figurar a persoa física autónoma e algún dos seus comeneiros ou socios incluídos no padrón municipal de habitantes do concello de Oza-Cesuras.

2.c) Consumidores “Bono Nadal Oza-Cesuras 2021”: requisitos

Persoas físicas que, no momento da publicación na páxina web desta campaña, cumpran os seguintes requisitos:

- Figurar incluídos no padrón municipal de habitantes do concello de Oza-Cesuras.
- Que a súa data de nacemento estea comprendidas entre o 1 de xaneiro de 1957 e o 31 de decembro de 2002.
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias con este concello.

2.d) Descrición da campaña do “Bono Nadal Oza-Cesuras 2021”

1. Os veciños que reúnan os requisitos indicados no párrafo anterior poderán recoller, entre o 1 e o 15 de decembro de 2021 (ambos incluídos) no lugar que se indicará na páxina web municipal, catro bonos-desconto de consumo por importe de 5 euros cada un (un total de 20 euros) que poderán ser utilizados (de xeito individual ou varios xuntos) nos establecementos





Concello de Oza-Cesuras

adheridos á campaña do modo seguinte:

- En caso de utilización dun único bono: as compras e servizos indicados deberán ser dun importe mínimo igual ou superiores a 10 euros.
- En caso de utilización conxunta de dous bonos: as compras e servizos indicados deberán ser dun importe mínimo igual ou superiores a 20 euros.
- En caso de utilización conxunta de tres bonos: as compras e servizos indicados deberán ser dun importe mínimo igual ou superiores a 30 euros.
- En caso de utilización conxunta dos catro bonos: as compras e servizos indicados deberán ser dun importe mínimo igual ou superiores a 40 euros.

2. Cada un dos bonos-desconto levará impreso un código identificativo e os datos persoais de cada un dos veciños, que permitirá acreditar o seu carácter nominativo, persoal e intransferible.

O Concello de Oza-Cesuras gardará unha relación dos códigos dos bonos que se emitiron aos consumidores da campaña “Bono Nadal Oza-Cesuras 2021” posuidores dos mesmos.

3. Cada un dos bonos-desconto emitidos de 5 euros non poderá ser utilizado en máis dunha compra de bens ou recepción de servizos nin en máis dun establecemento.

4. Os bonos-descontos se aplicarán ás compras de bens e produtos realizadas e aos servizos exclusivamente de perruquería, beleza, taxis ou autoturismo e restauración ou hostalaría recibidos entre o 15 de decembro de 2021 e o 15 de xaneiro de 2022 (ambos incluídos).

3.- ADHESIÓN, COMPROMISOS, OBRIGAS E PROCEDIMENTO DE ABONO AOS ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS ÁS CAMPAÑAS DE FOMENTO DO CONSUMO LOCAL “BONO XUVENIL OZA-CESURAS 2021” E/OU “BONO NADAL OZA-CESURAS 2021”

1.- Os establecementos interesados en adherirse ás campañas de fomento do consumo local “Bono xuvenil Oza-Cesuras 2021” e/ou “Bono Nadal Oza-Cesuras 2021” deberán presentar antes das 23:59 horas do vindeiro 6 de decembro de 2021 o modelo normalizado de solicitude de participación que se figura neste documento como Anexo I - que estará dispoñible na páxina web municipal - no Rexistro Xeral do Concello, no buzón existente nas dependencias municipais de Oza e Cesuras, por correo electrónico no enderezo correo@concellodeozacesuras.es ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) xunto coa seguinte documentación (*):

a) En caso de persoa física:

- DNI ou NIE polas dúas caras.
- No seu caso, acreditación da representación.

b) En caso de persoa xurídica:

- NIF da persoa xurídica.
- Escritura de constitución e estatutos da persoa xurídica actualizados, inscritos no Rexistro correspondente.
- Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa.





Concello de Oza-Cesuras

(*). A presentación da solicitude de xeito telemático na sede electrónica deste concello realizarase a través do enlace da páxina web (www.concellodeozacesuras.es) cos certificados dixitais admitidos na mesma e achegando coa mesma os documentos electrónicos coa súa correspondente sinatura electrónica.

Xunto co impreso normalizado de solicitude e a documentación indicada, as persoas ou entidades solicitantes, deberán aportar, no seu caso, os documentos aclaratorios ou complementarios que lles sexan requiridos polo concello para a comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos.

2.- O concello, unha vez verificado o cumprimento dos requisitos, facerá entrega aos establecementos adheridos do seguinte material:

2.1.- O correspondente distintivo coa imaxe desta campaña, que deberá ser colocado no escaparate ou sitio visible do establecemento, ao obxecto de que estean debidamente sinalizados para a súa correcta identificación polos usuarios

2.2.- Talonarios dos modelos oficiais de factura que deben ser empregados polos establecementos adheridos ao efecto de xustificar documentalmente cada operación.

Igualmente se publicará na páxina web do concello un listado dos establecementos adheridos onde poderán canxear os bonos-cheque e bonos-desconto.

3.- Os establecementos adheridos se comprometen a:

- Manter a actividade, como mínimo, no período de participación na campaña.
- Recibir e colocar os materias publicitarios que reparta o concello nun lugar visible do establecemento.

4.- Os establecementos adheridos quedan obrigados a:

- Ofrecer a posibilidade de utilizar os bonos-cheques e/ou bonos-descontos válidos durante o período da campaña comprendido entre o 15 de novembro de 2021 e o 15 de xaneiro de 2022 (ambos incluídos) na adquisición de produtos ou servizos segundo o indicado, cando se lles presenten como medio de pago.

- Comprobar que os bonos non estean caducados.

- Verificar, con carácter previo á súa utilización como medio de pago, que os datos identificativos do consumidor (que figuren no DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia) coincidan cos datos personais que figuran nos bonos-cheques ou bonos-desconto nominativos co obxecto de garantir o seu uso persoal e intransferible.

- Empregar o modelo oficial de factura entregado polo concello e incluído no presente documento como anexo II ao efecto de xustificar documentalmente as operacións.

- Indicar na factura a data de realización da operación no suposto de que ésta non coincida coa de expedición da factura.

- Conservar un orixinal ou duplicado da factura que reflecta a operación (no modelo oficial de factura entregado polo concello e incluído no presente documento como anexo II) así como o





Concello de Oza-Cesuras

orixinal do bono-cheque e/ou bono-desconto entregado polos consumidores para o seu posterior reintegro ao concello.

- En ningún caso o importe de ningún dos bonos poderá ser canxeado por diñeiro.
- Non se devolverá aos compradores diñeiro en metálico sobre a diferenza entre a compra e o valor dos bonos.
- En caso de devolución de produtos adquiridos con bonos, non se procederá ao reintegro do importe en metálico, senón que se deberá entregar un vale a canxear para futuras compras
- Facilitar tanta información e documentación lles sexan solicitadas, ao obxecto de verificar a correcta aplicación das condicións propias da campaña.

5.- No caso de que os datos facilitados polos establecementos adheridos non se correspondan coa realidade, se detecte algún incumprimento grave ou falsidade nos datos das compravendas reportadas asociadas aos bonos, este concello se reserva o dereito de acometer as accións que considere oportunas, incluída a baixa do establecemento na campaña e demais consecuencias que diso se deriven.

6.- Para poder aboar ao establecemento o importe dos bonos nas compras de bens e servizos obxecto das campañas de fomento do consumo local “Bono xuvenil Oza-Cesuras 2021” e/ou “Bono Nadal Oza-Cesuras 2021” deberá facerse entrega ao concello dos bonos orixinais utilizados polos consumidores xunto coa factura.

A citada documentación deberá ser presentada no Rexistro Xeral do Concello de Oza-Cesuras acreditando a asociación entre os bonos e cada factura do seguinte xeito:

- Achegarase factura expedida segundo modelo normalizado do que se entregará talonario aos establecementos adheridos.
- Á factura unirase, mediante grapa ou outro procedemento similar, os bonos orixinais empregados

As facturas cos bonos deberán ser presentadas no Rexistro Xeral do Concello para o seu reembolso.

Non se admitirán como xustificación aqueles bonos nos que se inclúan códigos que non se corresponda cos códigos identificativos asignados polo concello nin aqueles bonos utilizados fóra do período de duración da campaña (15 de decembro 2021 a 15 de xaneiro de 2022, ambos incluídos).

O prazo máximo para a entrega da dita documentación será dun mes dende a finalización da data límite de uso dos bonos-cheques por parte dos xóvenes, isto é, o 15 de febreiro de 2022.

4.- OBRIGAS DOS CONSUMIDORES DA CAMPAÑA DE FOMENTO DO CONSUMO LOCAL “BONO XUVENIL OZA-CESURAS 2021” E/OU “BONO NADAL OZA-CESURAS 2021”





Concello de Oza-Cesuras

- Para garantir que a utilización dos bonos-cheque e os bonos-desconto nominativos sexa persoal e intransferible, no momento da entrega dos bonos-cheque e bonos-desconto para a súa utilización como medio de pago, os consumidores deberán exhibir no establecemento colaborador os orixinais dos documentos acreditativos da personalidade do consumidor (DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia).

- Os consumidores deberán conservar durante 3 meses o orixinal da factura emitida polo establecemento adherido ao efecto de posibilitar eventuais comprobacións polo concello de Oza-Cesuras.

5.- FUNCIONAMENTO DA CAMPAÑA DE FOMENTO DO CONSUMO LOCAL “BONO XUVENIL OZA-CESURAS 2021” E/OU “BONO NADAL OZA-CESURAS 2021”

- Os establecementos adheridos unicamente admitirán os bonos-cheque e os bonos-desconto como medio de pago nas adquisicións de bens e prestación de servizos obxecto da campaña de fomento do consumo local Oza-Cesuras 2021, que son as seguintes:

a) “Bono xuvenil Oza-Cesuras 2021”: compra de produtos (agás tabaco e alcol) e servizos exclusivamente de perruquería, beleza e taxi ou autoturismo

b) “Bono nadal Oza-Cesuras 2021”: compra de produtos e servizos exclusivamente de perruquería, beleza, taxis ou autoturismo e restauración ou hostalaría que cumpran os importes mínimos indicados no punto 2.d)

- Os bonos-cheques e os bonos-desconto unicamente serán válidos e, en consecuencia só poderán ser utilizados como medio de pago, durante o período da campaña comprendido entre o 15 de decembro de 2021 e o 15 de xaneiro de 2022 (ambos incluídos). Polo que, deberá comprobarse que non estean caducados.

- Deberase esixir aos consumidores, con carácter previo á súa utilización bonos-cheques ou bonos-desconto nominativos como medio de pago, a exhibición dos documentos acreditativos da súa personalidade (orixinais de DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia) a efectos da acreditación da súa identidade para garantir a utilización persoal e intransferible dos ditos bonos.

- En ningún caso o importe de ningún dos bonos poderá ser canxeado por diñeiro.

- Non se devolverá aos compradores diñeiro en metálico sobre a diferenza entre a compra e o valor dos bonos.

- En caso de devolución de produtos adquiridos con bonos, non se procederá ao reintegro do importe en metálico, senón que se deberá entregar un vale a canxear para futuras compras

- Os establecementos adheridos, unha vez levada a cabo a operación comercial, deberán expedir factura segundo o modelo normalizado do que se lles entregará o/os correspondentes/es talonario/os.





Concello de Oza-Cesuras

- Desa factura entregarán un exemplar ao consumidor, outro será para o establecemento adherido e outro se entregará no Rexistro Municipal do Concello xunto co orixinal do/os bono/os que se utilizou/aron , grapado/os ou unido/os de xeito similar, co obxecto de xustificar a operación realizada con data límite do 15 de febreiro de 2022.

Cálquera dúbida interpretativa que poida plantexarse na presente campaña de fomento de consumo local será resolta pola Alcaldía.

En Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE,

Asdo. José Pablo González Cacheiro



Concello de Oza-Cesuras

(ANEXO I)

SOLICITUDE DE ADHESIÓN

CAMPAÑA DO FOMENTO DO CONSUMO LOCAL EN OZA-CESURAS BONOS XUVENIL e NADAL 2021

SOLICITANTE :

Razón social: _____ CIF: _____

Apelidos e nome: _____ DNI/NIE/NIF: _____

Enderezo completo: _____

Teléfono: _____

Enderezo de correo electrónico: _____

Actividade principal (descrición): _____

Epígrafe IAE: _____

Enderezo completo establecemento permanente actividade comercial/servizos: _____

DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL (no seu caso)

- Deberá achegarse documentación acreditativa da representación -

Apelidos e nome: _____ DNI/NIE/NIF: _____

Teléfono: _____

Enderezo de correo electrónico: _____

EXPÓN:

Que desexa participar como establecemento adherido á presente campaña de fomento do consumo local en Oza-Cesuras: Bonos Nadal 2021 nas seguintes liñas (marcar o que proceda):

LIÑA 1 “Bono xuvenil Oza-Cesuras 2021” por estar inscrito no IAE dese concello e dispor dun establecemento permanente de atención ao público con local en Oza-Cesuras destinado ao:

Comercio de bens (agás establecementos de alimentación) e ten coñecemento que os bonos-cheques desta liña de actuación non permite a adquisición de tabaco nen alcol

Servizos de perruquería ou salóns de beleza

Servizos de taxi ou autoturismo

LIÑA 2 “Bono Nadal Oza-Cesuras 2021”: por estar inscrito no IAE dese concello e dispor dun establecemento permanente de atención ao público con local en Oza-Cesuras destinado ao:

Comercio de bens (agás establecementos de alimentación).

Servizos de perruquería ou salóns de beleza

Servizos de taxi ou autoturismo

Servizos de restauración e hostalaría





Concello de Oza-Cesuras

E ao efecto:

a) DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que se encontra ao corrente coas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e co concello de Oza-Cesuras.

Que é o titular / comuneiro / socio do citado establecemento comercial (sinalar o que proceda) e figura incluído no padrón municipal de habitantes do concello de Oza-Cesuras.

b) AUTORIZA AO CONCELLO DE OZA-CESURAS:

A levar a cabo a consulta relativa ao seu empadramento no padrón municipal de habitantes deste concello da persoa física e das persoas físicas integrantes da persoa xurídica .

A levar a cabo a consulta relativa á súa inclusión da persoa física e/ou da persoa xurídica no padrón fiscal de IAE ou na matrícula de exentos do seu pagamento correspondente ao exercizo 2021.

A levar a cabo a comprobación que a persoa física e/ou xurídica estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais municipais.

c) ACHEGA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

En caso de persoa física:

DNI ou NIE polas dúas caras.

No seu caso, acreditación da representación.

En caso de persoa xurídica:

NIF da persoa xurídica.

Escritura de constitución e estatutos da persoa xurídica actualizados, inscritos no Rexistro correspondente.

Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa.

E, en base ao exposto, **SOLICITA** que se teña como establecemento adherido á citada campaña do fomento do consumo local en Oza-Cesuras: Bonos Nadal 2021 na liña sinalada anteriormente.

Para o que, designa a seguinte conta bancaria da súa titularidade:

IBAN da conta bancaria (24 díxitos)

Código de país	Código de Control	Código do banco	Código da sucursal	Díxito de control	Número de conta





Concello de Oza-Cesuras

E, en relación coa documentación achegada declara responsablemente que é copia auténtica da orixinal que obra no seu poder e que pode exhibir a mesma en calquera momento a requirimento do Concello de Oza-Cesuras.

Oza-Cesuras, ___ de _____ de 2021

(*)Asdo, _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OZA-CESURAS





Concello de Oza-Cesuras

(ANEXO II) MODELO DE FACTURA

CAMPAÑA DO FOMENTO DO CONSUMO LOCAL EN OZA-CESURAS BONOS XUVENIL E NADAL 2021

Datos do establecemento:

Denominación:

DNI/NIE/CIF:

Domicilio fiscal (Poboación – Provincial):

Datos do consumidor:

Nome e apelidos:

DNI/NIE/Pasaporte:

Domicilio (Poboación – Provincia):

Nº Factura: _____

Data de expedición: _____

Data da compra ou servizo (*): _____

Cantidade	Descrición Produto/Servicio	Importe unitario (sen IVE)	Base imponible
BASE IMPOÑIBLE			
		IVA	%
IMPORTE TOTAL €			
Importe abonado co BONO NADAL 2021 que se une á presente factura €			
Importe abonado polo consumidor con outro medio de pago			

(*) Cubrir únicamente en caso de non coincidir coa data de expedición da factura

Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE,

Asdo.- José Pablo González Cacheiro

